



**FEGAS | ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN SANITARIA**  
**Memoria 2008**







**EDITA**  
FEGAS / Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria

**MAQUETACIÓN**  
ANDAINA  PUBLICIDADE

**DEPÓSITO LEGAL**  
PO 2-2009

# ÍNDICE

ÁREA PRIMEIRA	08	<b>MISIÓN E VISIÓN</b>
	12	<b>1.1. Estrutura</b>
	12	<b>1.1.1. Órganos de goberno</b>
	14	<b>1.1.2. Órgano de xestión</b>
	15	<b>1.1.3. Organización funcional</b>
	19	<b>1.2. Obxectivos destacados e logros acadados</b>
ÁREA SEGUNDA	20	<b>ACTIVIDADE DE FORMACIÓN</b>
	23	<b>2.1. Plan de formación 2008. Escola Galega de Formación Sanitaria</b>
	23	<b>2.1.1. Características xerais</b>
	24	<b>2.1.2. Resumo global de actividade</b>
	27	<b>2.1.3. Distribución xeográfica</b>
	29	<b>2.1.4. Distribución por meses</b>
	31	<b>2.1.5. Distribución por intervalos de horas</b>
	32	<b>2.1.6. Distribución por número de destinatarios</b>
	34	<b>2.2. Formación continuada</b>
	34	<b>2.2.1. Plan AFCAP</b>
	34	<b>2.2.1.1. Resumo actividade AFCAP</b>
	45	<b>2.2.2. PEF</b>
	45	<b>2.2.2.1. Resumo actividade PEF</b>
	55	<b>2.2.3. CPM</b>
	56	<b>2.2.3.1. Resumo actividade CPM</b>
	63	<b>2.3. Formación de capacitación</b>
	67	<b>2.4. Teleformación</b>
	70	<b>2.5. Evolución da actividade</b>
	75	<b>2.6. Política de calidade</b>

ÁREA TERCEIRA	78	<b>ACTIVIDADE DE APOIO E DIFUSIÓN</b>
	81	<b>3.1. Biblioteca virtual da FEGAS</b>
	84	<b>3.2. Actividades de apoio e colaboración</b>
	85	<b>3.2.1. Programa de estímulo á formación e investigación</b>
	86	<b>3.3. Actividades de intercambio e innovación</b>
	86	<b>3.3.1. Foros de debate por un mundo máis saudable</b>
	87	<b>3.3.2. Seminarios “Experiencias en gestión sanitaria”</b>
	88	<b>3.4. Programa de intercambio e innovación</b>
	92	<b>3.5. Actividades de difusión</b>
	92	<b>3.5.1. Plan editorial da escola</b>
	93	<b>3.5.1.1. Publicacións 2008</b>
	94	<b>3.5.1.2. Boletín de actualidade 2008</b>
ÁREA CUARTA	96	<b>ANEXO 1</b>
	97	<b>4.1. Relación de relatores</b>

## ÍNDICE

01





## MISIÓN E VISIÓN

Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de decembro de 1997, adscrita á Consellería de Sanidade, nace a FEGAS como fundación pública, cuxo obxecto é a docencia, formación e investigación en administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria, atendendo sempre aos criterios de planificación e ás directrices de carácter xeral emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde no ámbito das súas respectivas competencias.

Polo tanto, a **misión** da Escola é o enriquecemento do capital humano dos servizos sanitarios mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia, desenvolvendo un proceso continuo de actualización de coñecementos en resposta ás variacións nas demandas sociais e á evolución dos sistemas sanitarios.

Todo isto sustentado nuns valores que enmarcan toda a súa actividade e que son:

**Xestión do coñecemento en saúde:** definindo e desenvolvendo unha formación centrada na xeración, transmisión e xestión do coñecemento coa finalidade de lles engadir valor aos produtos e servizos.

**Compromiso cos profesionais:** na procura de ser un instrumento de motivación e compromiso, de progreso persoal e profesional, e de transmisión e actualización de coñecementos dos profesionais da sanidade galega.

**Innovación constante:** tanto tecnolóxica como metodolóxica, para conseguir ser un espazo de intercambio de información e transferencia de coñecementos entre as institucións e os profesionais que integran o sistema público de saúde de Galicia.

**Calidade:** o traballo en equipo é a base da organización. A través do seu sistema de xestión da calidade, establecido segundo os requisitos da norma ISO 9001:2000, búscase a mellora integral na organización e a confianza no traballo desenvolvido. Coa avaliación constante dos cursos, pretendemos incorporar as súas demandas e ofrecer produtos formativos de calidade e en permanente evolución.

## > FINALIDADE

Os fins da FEGAS, recollidos nos seus estatutos, reflicten e desenvolven esta misión e se poden agrupar nos seguintes apartados:

- **Formación continua:**

Planificación e provisión da formación continua en materia de administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria do persoal ao servizo da sanidade pública galega.

A programación e execución de programas de docencia e formación continua en colaboración con entidades e institucións públicas e privadas en materia de administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria.

- **Avaliación de novas tecnoloxías sanitarias**

As actividades relacionadas coa avaliación de novas tecnoloxías sanitarias nos termos que se conveñan coa Consellería de Sanidade de conformidade coa súa planificación e as súas directrices.

- **Investigación sanitaria**

A execución da actividade relacionada coa investigación sanitaria nos termos que se conveñan coa Consellería de Sanidade e co Servizo Galego de Saúde de conformidade coa súa planificación e as súas directrices.



- **Bolsas de estudos**

Programación e financiamento das actuacións, bolsas e axudas á formación. O respecto aos principios de publicidade, concorrencia, mérito e capacidade informará a política de concesión de bolsas e axudas por parte da Escola.

- **Asesoramento**

O asesoramento que lle sexa solicitado por calquera entidade ou institución dependente das administracións públicas sanitarias de Galicia, así como por parte doutras entidades públicas ou privadas.

- **Apoio**

O apoio ás políticas que impulse a autoridade sanitaria galega, así como a difusión do seu coñecemento e a formación como instrumento da súa execución.

- **Publicación**

A edición, realización e difusión de estudos e traballos de carácter científico e de toda clase de publicacións, periódicas ou non.

- **Fondo bibliográfico**

A creación e xestión dun fondo bibliográfico e de documentación especializada no sector sanitario.

- **Colaboración**

A colaboración con institucións públicas ou privadas sobre calquera materia relacionada coa saúde, nos termos que se establezan nos correspondentes acordos ou convenios de cooperación.

- **Reunións científicas**

A organización de congresos e reunións de carácter científico e de especialistas no sector sanitario.

- **Outros**

Calquera outro relacionado coas finalidades citadas que acorde o seu padroado.

## > **ÁMBITO E BENEFICIARIOS**


O ámbito territorial en que se desenvolven principalmente as súas actividades é o da Comunidade Autónoma de Galicia.

En canto ao ámbito persoal, o sector de poboación atendida, a actuación da fundación circunscríbese ás persoas que teñan interese na realización de actividades formativas que repercutan no desenvolvemento sanitario xeral de Galicia.

A escola dirixirá as súas actividades de xeito principal e prioritario a todo o persoal ao servizo da sanidade pública galega.

## 1.1. ESTRUCTURA: ÓRGANOS DE GOBERNO E XESTIÓN, ORGANIZACIÓN FUNCIONAL

A estrutura da Escola inclúe órganos de goberno e xestión, así como unha organización funcional en distintas unidades segundo se recolle no seguinte organigrama.



Cadro 1.1  
Estrutura orgánica e funcional da Escola Galega de Administración Sanitaria.

Fonte: F. P. Escola Galega de Administración Sanitaria.

### 1.1.1. ÓRGANOS DE GOBERNO

O Padroado é o órgano de goberno da fundación que asume a súa dirección e control.

#### 1.1.1.1. Composición

##### > Presidenta

Dna. María José Rubio Vidal

Conseleira de Sanidade

Exerce a súa función por razón do seu cargo.

##### > Vicepresidenta

Dna. Pilar Fernández Romero

Secretaria xeral da Consellería de Sanidade

Exerce a súa función por razón do seu cargo.

**> Patróns natos**

D. Ramón Medina González-Redondo

Director xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade

Exerce a súa función por razón do seu cargo.

D. Julio Villar Barreiro

Director xeral da División de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde

Exerce a súa función por razón do seu cargo.

D. Francisco López Páis

Director xeral da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde

Exerce a súa función por razón do seu cargo.

D. Antonio José Fernández Paniagua

Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde

Exerce a súa función por razón do seu cargo.

Dna. María Ausencia Tomé Martínez de Rituerto

Delegada provincial da Consellería de Sanidade da Coruña

Exerce a súa función por razón do seu cargo.

D. Miguel Ángel Rodríguez Lois

Delegado provincial da Consellería de Sanidade de Lugo

Exerce a súa función por razón do seu cargo.

D. Juan Monedero Aguilera

Delegado provincial da Consellería de Sanidade de Ourense.

Exerce a súa función por razón do seu cargo.

D. Juan Antonio Martín Tejedor

Delegado provincial da Consellería de Sanidade de Pontevedra.

Exerce a súa función por razón do seu cargo.

D. Salustiano Mato de la Iglesia

Director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria

Exerce a súa función por razón do seu cargo.

D. Juan Jesús Gestal Otero

Catedrático de Medicina Preventiva e Saúde Pública da Facultade de Medicina e Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

En representación das universidades de Galicia.

#### > **Patróns electivos**

D. Cayetano Rodríguez Escudero  
Secretario xeral do Servizo Galego de Saúde

D. Germán González Pazó  
Director xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria da Consellería de Sanidade

D. Víctor Pedreira Crespo  
Pertence á unidade do Plan de Galicia sobre Drogas

D. Carlos Suárez-Mira Rodríguez  
Director da Escola Galega de Administración Pública (EGAP)

#### **1.1.1.2. Relación de padroados celebrados no ano 2008**

Padroado extraordinario do 21 de maio de 2008

Padroado ordinario do 26 de xuño de 2008

Padroado extraordinario do 21 de outubro de 2008

#### **1.1.2. ÓRGANO DE XESTIÓN**

Está conformado pola directora da Escola Galega de Administración Sanitaria.

Directora:

**Dna. María Berta Rivera Castiñeira**

Foi nomeada por Acordo do Padroado do 3 de marzo de 2006.

### 1.1.3. ORGANIZACIÓN FUNCIONAL

Co obxectivo posto no cumprimento dos fins establecidos, a Escola sofre un cambio no seu organigrama en decembro de 2007 no que se establecen tres unidades funcionais -Unidade de Formación, Unidade de Xestión e Apoio Tecnolóxico e Unidade de Desenvolvemento e Innovación- que, baixo a dependencia orgánica da Dirección da Escola, desenvolven as seguintes funcións:



#### > Dirección da Escola

- Directora
- Apoio á dirección
- Secretaría de dirección
- Dotación:
  - dous auxiliares administrativos

#### > Unidade de Formación

- Programación dos plans de formación continuada do persoal ao servizo da sanidade pública galega (AFCAP, PEF, CPM).
- Coordinación da programación dos citados plans coa Subdirección de Docencia e Información Sanitaria.
- Coordinación cos responsables de docencia dos distintos centros de xestión que desenvolven a actividade descentralizada.
- Xestión na modalidade presencial das distintas actividades de formación continuada (AFCAP, PEF, CPM e outros convenios que a nivel puntual poida asinar a Escola con terceiros), impartidas pola Escola.

- Xestión da acreditación da formación.
- Coordinación do persoal de apoio FEGAS nos distintos centros de xestión que desenvolven a actividade descentralizada.
- Control e seguimento da correcta execución da actividade docente programada.
- Coordinación e xestión da avaliación da formación continuada presencial impartida pola Escola.

### **Organización funcional**

Para o desenvolvemento destas funcións, a unidade divídese en dous departamentos: Departamento de Programación e Acreditación e Departamento de Xestión Docente.

#### **Dotación:**

Responsable da Unidade de formación

Departamento de Programación e Acreditación: un técnico da Función Administrativa.

Departamento de Xestión Docente: seis auxiliares administrativos.

#### **> Unidade de Xestión e Apoio Tecnolóxico**

- Preparar estudos e informes técnicos sobre as materias propias da FEGAS.
- Dar fe das resolucións e actos da escola, efectuar e custodiar as actas das reunións dos órganos colexiados.
- Tramitar as contratacións de obras, servizos e subministracións.
- Executar a xestión económica e orzamentaria.
- Tramitar os asuntos de persoal.
- Levar o rexistro xeral e arquivos de documentación.
- Tramitar as reclamacións e recursos que se expoñan.
- Coordinar as tarefas de mantemento e seguridade das instalacións.
- Distribuír e controlar os asuntos xerais da Escola.
- Informar sobre a viabilidade legal e económica dos programas de actuación en materia de investigación e formación.
- Tramitar as bolsas con cargo aos orzamentos para a promoción e desenvolvemento das actividades que lle son propias.
- Prestar apoio técnico e administrativo á dirección e áreas da Escola.

### **Organización funcional**

Para o desenvolvemento destas funcións a unidade divídese en tres departamentos: Departamento de Xestión Económica, Departamento de Xestión Administrativa e Departamento de Soporte Tecnolóxico.

#### **Dotación:**

Responsable da Unidade de Xestión e Apoio Tecnolóxico

Xestión Económica: un técnico da Función Administrativa e dous administrativos.

Xestión Administrativa: un administrativo.

Soporte Tecnolóxico: un auxiliar administrativo e un técnico de mantemento.



**> Unidade de Desenvolvemento e Innovación**

- Promover, coordinar e deseñar e xestionar actividades de Formación Especializada (máster, expertos e diplomatura), en colaboración con institucións públicas e privadas no ámbito nacional e internacional.
- Xestión na modalidade de teleformación das distintas actividades de formación impartidas pola Escola.
- Promover e coordinar a creación dunha plataforma virtual da FEGAS que permita o desenvolvemento de programas de formación *e-learning* ou *blended learning* en función das necesidades demandadas.
- Promover e coordinar proxectos formativos de colaboración con institucións públicas e privadas no ámbito nacional e internacional (con especial orientación cara a Portugal e Iberoamérica), fundamentalmente nos campos da saúde pública e a administración sanitaria.
- Colaborar na análise da situación, a determinación das políticas e o desenvolvemento das estratexias no ámbito da investigación sanitaria, en colaboración coa Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias.
- Xestionar a concesión de premios e bolsas.
- Mantemento e actualización do Sistema de Xestión de Calidade da FEGAS (realización de informes para a toma de decisións por parte da área de Formación).
- Promover e coordinar un plan de comunicación que permita unha maior divulgación da FEGAS e da súa formación a nivel sanitario e social.
- Publicar estudos e investigacións cuxa difusión haxa que considerar de interese.



- Crear e manter un fondo bibliográfico que sirva de soporte documental na elaboración de tese, teses de licenciatura, etc.

### **Organización funcional**

Para o desenvolvemento destas funcións, a unidade divídese en tres departamentos: Departamento de Calidade, Departamento de Xestión de Proxectos e Departamento de Información e Documentación.

### **Dotación**

Responsable de Unidade de Desenvolvemento e Innovación.

Departamento de Calidade: un auxiliar administrativo.

Departamento de Xestión de Proxectos: un técnico da Función Administrativa.

### **> Infraestrutura**

A Escola Galega de Administración Sanitaria ten a súa sede no seguinte enderezo de Santiago de Compostela:

**Avda. Fernando de Casas Novoa, Edificio CNL, n.º 37, 1ª planta.**

**CP: 15707. San Lázaro - Santiago de Compostela (A Coruña).**

Teléfonos: **981 55 51 03 / 981 55 46 37**

FAX: **981 56 30 12 / 981 55 48 24**

e-mail: **fegas@sergas.es**

Páxina web : **www.fegas.es**



A escola dispón tamén do uso temporal das aulas, salóns e outras infraestruturas docentes nas dependencias da Consellería de Sanidade e mais o Servizo Galego de Saúde en Santiago de Compostela, nas das súas delegacións e direccións provinciais, e nas das institucións sanitarias de atención primaria e atención especializada da Consellería de Sanidade e do seu organismo.

Cómpre agradecerlles a todas as entidades, direccións e delegacións provinciais, así como, moi especialmente, a todas as institucións sanitarias pola súa cesión e a dispoñibilidade temporal da dita infraestrutura.

## **1.2. OBXECTIVOS DESTACADOS E LOGROS ACADADOS**

Neste ano 2008, a FEGAS desenvolve a liña estratéxica de formación marcada pola Consellería de Sanidade, na que se parte dun enfoque global permitindo unha visión xeral e evitando carencias e duplicidades na oferta de formación.

As liñas xerais e principais obxectivos que a escola intentou potenciar ao longo do ano 2008 centráronse en: avanzar e mellorar a calidade das actividades, acadar o achegamento da formación aos profesionais e na potenciación e desenvolvemento de modalidades de formación con metodoloxías pedagóxicas avanzadas, conseguir que a formación se transforme nunha aprendizaxe que repercuta na práctica profesional, e o fomento das relacións con outros sectores como a universidade, institucións, sociedades científicas ou escolas.

Por último, unha das prioridades da escola foi e seguirá sendo facilitarlles o acceso á información e a axilidade na xestión aos potenciais alumnos ou usuarios.



## ACTIVIDADE DE FORMACIÓN

Na FEGAS consideramos que o coñecemento é un valor básico para unha organización sanitaria. A súa actualización é imprescindible para acadar os obxectivos permanentes de eficiencia, equidade e modernización que se necesitan co fin de cumprir cada vez mellor as demandas da sociedade e, como consecuencia, aumentar o nivel de saúde dos cidadáns e cidadás.

Consideramos tamén que a mellora dos coñecementos dunha organización radica fundamentalmente no feito de aprender por riba do feito de ensinar. Entendemos que xestionar o coñecemento non só significa xestionar a formación -cantas máis actividades docentes mellor- nin dotarse de ferramentas avanzadas para esa xestión -aínda que estas sexan facilitadoras da tarefa-; significa conseguir que a organización aprenda cada día e que grazas a esa aprendizaxe sexa máis eficiente e efectiva.

Entendemos, así mesmo, que somos o instrumento adecuado para responder ás necesidades de formación dos traballadores e traballadoras ao servizo da sanidade pública de Galicia.

Tendo como referentes estes convencementos, os nosos obxectivos deste ano orientáronse cara a iniciar os procesos necesarios para transformar un proxecto de Escola dedicado ata o de agora fundamentalmente á xestión da actividade docente en si mesma, para convertelo nun proxecto formativo de futuro máis amplo e ambicioso, que englobe todos e cada un dos aspectos que leva a xestión do coñecemento, dirixido fundamentalmente a actualizar e avanzar nas competencias dos e das profesionais da nosa sanidade e que se apoia nos seguintes principios reitores:

- Formación orientada á adquisición de coñecementos, habilidades e actitudes para a mellora da práctica dos profesionais da sanidade, desenvolvida a través da formación recollida en distintos programas construídos atendendo ás necesidades demandadas: formación continua baseada en fórmulas que fomenten a eficiencia da práctica profesional.
- Deseño de itinerarios propios de formación para a capacitación, baseados en necesidades detectadas na organización, na procura da maior excelencia profesional.
- Formación descentralizada e facilitadora da aprendizaxe utilizando as vantaxes que ofrece a teleformación, construída sobre distintas ferramentas pedagóxicas suficientemente contrastadas, para atender o demandado por unha parte importante dos nosos usuarios.

- Promoción da formación baseada no intercambio, colaboración e cooperación entre os distintos profesionais usuarios da escola e institucións dedicadas á formación do persoal dos servizos de saúde, para conseguir un maior intercambio e difusión do coñecemento xerado.

Todo isto, aproveitando as experiencias positivas extraídas da análise das actividades e programas executados durante os anos de percorrido desta institución.

Sabemos que este ambicioso proxecto, como calquera proxecto de transformación dunha institución, precisa dun período de transición máis ou menos longo que está en función tanto da propia capacidade da institución en asumir eses cambios como das necesidades de prestación de servizo demandadas polos profesionais e a propia Administración sanitaria neste caso.



## 2.1. PLAN DE FORMACIÓN 2008. ESCOLA GALEGA DE FORMACIÓN SANITARIA

### 2.1.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS

A **actividade de formación** executada pola FEGAS en 2008 **desenvólvese dentro dos ámbitos da formación continuada, da formación de capacitación e da teleformación**, e xorde dun sistema aberto e multidisciplinario no que se conta coa participación activa tanto dos profesionais como dos responsables de formación da Consellería e do Servizo Galego de Saúde.

O **Plan de formación 2008 da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria** engloba o total da actividade formativa a desenvolver en dito ano e é difundido nun documento publicado a tal fin.

O conxunto da actividade está recollida en distintas **áreas temáticas** que permiten estruturar a oferta formativa nos seguintes bloques de coñecemento

> **Área de Asistencia sanitaria:** abarca a formación orientada aos coñecementos, habilidades e actitudes relacionados cos procesos operativos de diagnóstico, tratamento, rehabilitación e de apoio para a recuperación da saúde. Inclúe formación dirixida tanto a profesionais sanitarios como non sanitarios, pero directamente vinculada á atención sanitaria dos usuarios. Esta área representa o gran núcleo definitorio dunha organización sanitaria.

> **Área de Prevención e promoción da saúde:** inclúe a formación relacionada cos coñecementos, habilidades e actitudes dirixidas á protección da saúde. Integra actividades formativas orientadas tanto a profesionais da Administración sanitaria como a persoal das institucións e centros sanitarios.

> **Área de Comunicación e atención ao usuario:** abrangue toda a formación relacionada cos sistemas, mecanismos e habilidades necesarios na comunicación interna e externa da organización sanitaria. Polo tanto, nela terán cabida todas as accións orientadas á comunicación con usuarios externos e internos, tanto no contexto do eixo asistencial como no da administración e servizos xerais.

> **Área de Administración, xestión e dirección das organizacións:** integra todas as actividades formativas orientadas á xestión da organización no seu sentido máis amplo. Inclúe a formación relacionada co desenvolvemento de habilidades directivas (comunicación, traballo en equipo, negociación, etc.), así como de coñecementos propios do ámbito da xestión de tipo transversal (xestión clínica, xestión da calidade, xestión por procesos, xestión económico-financeira, procedemento administrativo, lexislación, normativa, etc.).

> **Área de Xestión do coñecemento da organización:** abarca a formación dirixida aos procesos de xeración e transferencia do coñecemento no ámbito da saúde. Inclúe actividades formativas de metodoloxía e xestión da docencia e da investigación sanitaria, metodoloxía de busca bibliográfica, de lectura crítica, da MBE (medicina baseada na evidencia ou asistencia sanitaria baseada en probas), elaboración de GPC, etc.



> **Área de Tecnoloxías:** engloba todas as actividades formativas relacionadas co manexo tanto das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) como das tecnoloxías sanitarias.

Por outra banda, a efectos de financiamento e operatividade de xestión administrativa, as actividades de formación execútanse a través de **tres plans docentes diferenciados:** Plan de formación continuada do persoal de institucións sanitarias do SERGAS (**Plan AFCAP**), Plan estratéxico de formación dos traballadores ao servizo da sanidade pública galega (**PEF**) e Plan de formación para a calidade na prescrición de medicamentos (**CPM**), establecidos segundo os criterios definitorios que a continuación se describen.

**Plan AFCAP:** inclúense neste plan as actividades docentes que anualmente forman parte do Plan de Formación Continuada do Persoal da Xunta de Galicia, no marco dos convenios de colaboración subscritos entre o Ministerio para as Administracións Públicas e as comunidades autónomas.

**PEF:** enmarcado no Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o SERGAS, no que a Escola Galega de Administración Sanitaria ten como función deseñar conxuntamente e executar o plan de formación e reciclaxe profesional en materia de administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria de todos os traballadores, tanto da Consellería de Sanidade como do SERGAS.

**CPM:** responde e adapta ao ámbito sanitario galego as directrices recollidas no Programa de Formación Continuada no Uso Racional do Medicamento para Facultativos Médicos do Sistema Nacional de Saúde, parte do Plan aprobado polo Consello Interterritorial para o ano 2007.

**Plan Carlos III:** surxido da convocatoria correspondente ao ano 2008 de concesión de axudas da Acción Estratéxica en Saúde, no marco do Plan Nacional de I+D+I 2008-2011, destacan entre outros os cursos de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias, Busca de Información científica ou os obradoiros de escritura de artigos científicos.

Unha grande parte destas actividades de formación desenvólvense dun xeito descentralizado nas distintas provincias galegas dado que o achegamento da oferta formativa aos traballadores para estimular e fomentar a súa participación nelas, foi unha aposta clara da Escola ao longo dos últimos anos.

## 2.1.2. RESUMO GLOBAL DE ACTIVIDADE

Para resumir a actividade desenvolvida neste plan de formación, tanto globalmente como para cada unha das áreas temáticas nas que se encadran as actividades, fixáronos, fundamentalmente en tres parámetros que a caracterizan e son:

> Número de actividades impartidas, que recolle un total de cursos programados incluíndo todas as distintas edicións executadas en cada un deles.



> Número de horas lectivas impartidas, que está en relación co tipo de actividade desenvolvida.

> Número de certificados emitidos, que está en relación co correcto seguimento da actividade.


O total da actividade formativa desenvolvida pola Escola neste ano 2008 queda resumida na seguinte táboa:


Plan de formación 2008.  
Resumo de actividade formativa.

Fonte: Aplicación de Xestión Integral da F.P. Escola Galega de Administración Sanitaria.

<b>Nº de actividades formativas executadas</b>	688
<b>Nº de horas lectivas impartidas</b>	10.285
<b>Nº de solicitudes recibidas</b>	53.460
<b>Nº de solicitudes admitidas</b>	19.362
<b>Nº de certificados emitidos</b>	14.920
<b>Porcentaxe certificada</b>	77,06

Gráfica da execución de actividades totais.





Gráfica do nivel de asistencia.

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%	Nº de certific.	%
<b>Asistencia sanitaria</b>	202	29,36	3.094	30,08	4.115	27,58
<b>Comunicación e atención ao usuario</b>	69	10,03	887	8,62	1.052	7,05
<b>Administración, xestión e dirección das O.S.</b>	122	17,73	2.561	24,90	2.796	18,74
<b>Xestión do coñecemento na organización</b>	38	5,52	826	8,03	642	4,30
<b>Prevenición e promoción da saúde</b>	147	21,37	1.275	12,40	3.442	23,07
<b>Tecnoloxías</b>	110	15,99	1.642	15,96	2.873	19,26
<b>Outros</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
<b>Total</b>	688	100,00	10.285	100,00	14.920	100,00

Áreas temáticas.

### > Acreditación

A garantía do recoñecemento da calidade da formación impartida pola Escola é un dos nosos principios reitores, xa que consideramos a formación continuada como un elemento esencial para o desenvolvemento do profesional. A Administración, ademais de elaborar un plan de actividades acorde coas necesidades do persoal profesional e a sociedade, deberá incidir na súa calidade. O sistema de acreditación é o instrumento que garante a validez da formación para todo o Sistema Nacional de Saúde.

As actividades de formación continua, para o persoal incluído na Lei de ordenación de profesións sanitarias, están acreditadas na nosa Comunidade Autónoma polo sistema Acreditador da Formación Continuada das Profesións Sanitarias na Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola contra, os cursos dirixidos ao persoal non incluído na dita Lei non poderán ser acreditados polo sistema acreditador. Non obstante, desde a Escola queremos ser garantes tamén desa formación e así, para este persoal esténdese un

certificado de asistencia ou aproveitamento onde se indica o número de horas, o contido, a data e o lugar. Así mesmo, as actividades da Escola están consideradas de Interese sanitario referendadas pola Orde do 6 maio de 1998, pola que se converte en garante da calidade da formación.

Os datos específicos de acreditación no ano 2008 reflicten 314 actividades acreditadas, o que significou un 90% das actividades acreditables.

<b>Actividades</b>	688
<b>Actividades acreditables</b>	348
<b>Porcentaxe acreditables</b>	51,00
<b>Actividades acreditadas</b>	314
<b>Porcentaxe acreditada</b>	90,00
<b>Créditos concedidos</b>	898,40

É importante destacar a función da Escola en xestionar os créditos das actividades realizadas. Dos datos presentados cabe sinalar que o ratio actividades acreditables / actividades acreditadas acadou un alto grao (cerca do 90%) na procura de organizar a formación de calidade esixida polos nosos profesionais.

### 2.1.3. DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA E POR CENTROS

Un dos obxectivos principais do plan de formación é **achegar e facilitar o acceso á formación a todos e todas as profesionais pertencentes ao sistema sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia.**


En virtude deste principio, a execución do plan tivo unha alta porcentaxe de descentralización. Esta descentralización -nun marco xeográfico dividido por localidades e centros- queda reflectida nas seguintes táboas:



	Nº de actividades	%	Nº de horas	%	Nº de certificados	%
<b>A Coruña</b>	65	9,45	1.485	14,44	1.303	8,73
<b>Burela</b>	14	2,03	178	1,73	299	2,00
<b>Cee</b>	4	0,58	68	0,66	83	0,56
<b>Ferrol</b>	33	4,80	419	4,07	676	4,53
<b>Lugo</b>	46	6,69	679	6,60	1.072	7,18
<b>Monforte de Lemos</b>	12	1,74	136	1,32	278	1,86
<b>O Barco de Valdeorras</b>	13	1,89	151	1,47	280	1,88
<b>Ourense</b>	54	7,85	807	7,85	1.124	7,53
<b>Pontevedra</b>	46	6,69	621	6,04	918	6,15
<b>Ribeira</b>	4	0,58	64	0,62	71	0,48
<b>Santiago de Compostela</b>	151	21,95	3.294	32,02	4.276	28,66
<b>Verín</b>	4	0,58	72	0,70	59	0,40
<b>Vigo</b>	90	13,08	1.013	9,85	1.503	10,07
<b>Vilagarcía de Arousa</b>	4	0,58	72	0,70	63	0,42
<b>Outros</b>	148	21,51	1.227	11,93	2.915	19,54
<b>Total</b>	688	100,00	10.285	100,00	14.920	100,00

Distribución da actividade por localidade.

Fonte: aplicación de Xestión Integral da F.P. Escola Galega de Administración Sanitaria.



Gráfica de distribución de actividades totais.

Distribución da actividade por centro.

	Nº de activ.	%	Nº de horas	%	Nº de certif.	%
<b>Centralizados para toda a comunidade</b>	141	20,49	2.560	24,89	2.827	18,95
<b>A Coruña</b>						
Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	36	5,23	589	5,73	786	5,27
X.A.P. da Coruña-Ferrol (Área A Coruña)	24	3,49	317	3,08	385	2,58
Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	40	5,81	393	3,82	898	6,02
Xerencia de Atención Primaria de Santiago	4	0,58	68	0,66	83	0,56
Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Novoa Santos	4	0,58	64	0,62	71	0,48
Área sanitaria de Ferrol	32	4,65	419	4,07	0	0,00
<b>Lugo</b>						
Complexo Hospitalario Xeral-Calde	27	3,92	362	3,52	563	3,77
Xerencia de Atención Primaria de Lugo	9	1,31	134	1,30	162	1,09
Hospital da Costa	14	2,03	178	1,73	299	2,00
Hospital Comarcal de Monforte	13	1,89	136	1,32	278	1,86
<b>Ourense</b>						
Complexo Hospitalario de Ourense	33	4,80	477	4,64	684	4,58
Hospital Comarcal de Valdeorras	13	1,89	151	1,47	280	1,88
<b>Pontevedra</b>						
Complexo Hospitalario de Pontevedra	22	3,20	382	3,71	462	3,10
Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra	19	2,76	396	3,85	269	1,80
Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	45	6,54	599	5,82	848	5,68
Hospital Comarcal do Salnés	4	0,58	27	0,26	63	0,42
Xerencia de Atención Primaria de Vigo	31	4,51	382	3,71	346	2,32
<b>Outros</b>	177	25,73	2.650	25,77	5.616	37,64
<b>Total</b>	688	100,00	10.285	100,00	14.920	100,00

Como se pode apreciar na táboa a porcentaxe de actividade descentralizada é do 80%. Este dato pon de relevo o esforzo que se fai por achegar a formación ao profesional para facilitar, na medida do posible, o acceso á formación de cada un deles.


#### 2.1.4. DISTRIBUCIÓN POR MESES DO PLAN DE FORMACIÓN 2008

Como se pode apreciar na seguinte táboa, a escola desenvolve a súa actividade de formación ao longo de todos os meses do ano salvo os de xullo e agosto. Destes meses os que recollen a maior actividade son os de outubro, maio, xuño e novembro sendo os de xaneiro e decembro os de menor actividade. Este dato pon de relevo o esforzo que se fai por compatibilizar, na medida do posible, o acceso á formación coas necesidades laborais dos profesionais e a administración sanitaria.

A mesma conclusións se deduce se analizamos as horas e os certificados emitidos en relación coa distribución temporal tal e como se recolle nos seguintes gráficos:


	Nº de actividades	%	Nº de horas	%	Nº de certificados	%
<b>Xaneiro</b>	19	2,79	105	1,02	223	1,49
<b>Febreiro</b>	33	4,85	543	5,28	600	4,02
<b>Marzo</b>	49	7,20	475	4,62	1.552	10,40
<b>Abril</b>	103	15,12	1.296	12,60	2.205	14,78
<b>Maio</b>	105	15,42	1.583	15,39	2.200	14,75
<b>Xuño</b>	96	14,10	1.641	15,96	2.160	14,48
<b>Xullo</b>	1	0,15	20	0,19	25	0,17
<b>Agosto</b>	1	0,15	4	0,04	14	0,09
<b>Setembro</b>	57	8,37	1.393	13,54	1.931	12,94
<b>Outubro</b>	99	14,54	1.669	16,23	1.725	11,56
<b>Novembro</b>	100	14,68	1.215	11,81	2.005	13,44
<b>Decembro</b>	18	2,64	341	3,32	280	1,88
<b>Total</b>	688	100,00	10.285	100,00	14.920	100,00

Distribución de actividades por meses.




Gráfica da distribución por meses de actividades totais.

Gráfica da distribución por meses de horas totais.



Gráfica da distribución por meses de certificados totais.



### 2.1.5. DISTRIBUCIÓN POR INTERVALOS DE HORAS DO PLAN DE FORMACIÓN 2008


A distribución por intervalos de horas está en relación co tipo de actividade de formación que se imparte.

No pasado ano 2007, a maior parte da actividade desenvolvida corresponde a actividade de formación continuada polo que está nos intervalos de 0 a 9 horas lectivas (50%) e de 20 a 29 horas (33%), sendo só dun 0,88% a formación que supera as 100 horas lectivas e que está relacionada coa formación de capacitación.

Esta tendencia corrixiuse no plan 2008 no que a formación de capacitación, desenvolvida a través de itinerarios propios de formación, tendeu acadar unha maior presenza neles, sen por iso descoidar a formación continuada.

Intervalo horas	Total	%
0-9 horas	258	37,94
10-19 horas	205	30,15
20-29 horas	178	26,18
30-59 horas	20	2,94
60-99 horas	10	1,47
>= 100 horas	9	1,32
<b>Total</b>	<b>680</b>	<b>100,00</b>

Distribución de actividades por intervalos de horas.



Gráfica da distribución porcentual de actividades por intervalos de horas.

### 2.1.6. DISTRIBUCIÓN POR NÚMERO DE DESTINATARIOS DA ACTIVIDADE DO PLAN DE FORMACIÓN 2008

A organización dos cursos procura o rendemento das actividades e do alumnado, e baséase en criterios de efectividade en canto ao número de alumnos aos que van dirixidos. Cando os medios de soporte técnico e o programa da actividade o permiten, de media, a capacidade das actividades xira en torno a 30 participantes.


A maior parte das actividades de formación do plan están destinadas a un número de alumnos entre 20 e 29, segundo queda recollido na seguinte táboa:



Distribución de actividades por número de destinatarios.

Nº destinatarios	Actividades
<b>0-19</b>	121
<b>20-29</b>	439
<b>30-39</b>	40
<b>40-59</b>	69
<b>&gt;= 60</b>	11
<b>Total</b>	680

Gráfica da distribución porcentual de actividades por número de destinatarios.



### > RELADORES

A metodoloxía docente empregada na maioría das actividades é a da formación presencial impartida por relatores nomeados de acordo cos contidos programados, seguindo criterios de coñecemento e experiencia contrastada, e desenvolvida a través de relatorios maxistrais ou obradoiros de traballo.

Na xestión da actividade do ano 2008, o número de relatores e relatorios programados en cómputo total e de media foron:

Nº de relatores	Nº de relatorios	Media de relatorios por actividade formativa	Media de relatores por actividade formativa
1.983	2.045	2,97	2,88

No anexo 1 ofrecemos a relación de colaboradores neste ano 2008. Vaia para todos eles o noso agradecemento.

## **2.2. FORMACIÓN CONTINUADA**

As actividades de formación continuada son aquelas destinadas a manter ou mellorar a competencia dos profesionais sanitarios, unha vez obtida a titulación básica ou a especialidade correspondente.

En 2008 as numerosas actividades desenvolvidas pola Fegas en materia de formación continuada estiveron encamiñadas a potenciar o desenvolvemento dos coñecementos, actitudes e habilidades dos profesionais ao servizo da sanidade pública de Galicia.

Neste apartado recóllense as actividades desenvolvidas en cada un dos plan estratéxicos de formación na modalidade presencial.

### **2.2.1. PLAN DE FORMACIÓN CONTINUA DO PERSOAL DAS INSTITUCIÓNS SANITARIAS DO SERGAS AFCAP**

*“Os coñecementos e capacidades dos profesionais das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde determinan, en gran medida, a calidade dos servizos sanitarios dispensados aos usuarios. Neste sentido, a formación continuada amósase como unha das ferramentas máis axeitadas para mellorar e adecuar, pola vía da capacitación dos profesionais, os servizos sanitarios ás demandas dos usuarios.”*

Segundo o Convenio de colaboración asinado entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), durante o ano 2008 á escola correspóndelle a organización, a xestión e a execución de toda a actividade docente incluída nos plans de formación continua.

O plan vai dirixido ao persoal que presta servizos nas institucións sanitarias xestionadas polo Sergas, así como tamén nos servizos centrais e periféricos do citado organismo. Seguindo a liña estratéxica dos últimos anos, a actividade de formación continuada acadou un alto grao de participación e o obxectivo de lles dar cobertura a todas as profesións que desenvolven os seus servizos.

#### **2.2.1.1. Resumo de actividade AFCAP**

Como primeiro aspecto xeral cabe comentar que o número de actividades desenvolvidas no Plan AFCAP foi de 307, para un total de 4.195 horas de formación, dato que segue a manter, con respecto a plans anteriores, unha evolución crecente.

Esas 4.195 horas de actividade programada reflicten un incremento do 14% con respecto ao ano anterior. Significa un aumento interanual estable na procura de aspectos máis cualitativos que cuantitativos do proxecto, no que o forte pulo se produciu nos primeiros anos do convenio a partir de 1998.

O alto grao de interese e aceptación do plan, por parte dos e das profesionais do sistema, demóstrase no número de solicitudes de preinscrición recibidas e que ascenden a 21.729, segue, sen dúbida, sendo unha cifra positiva pese a non incrementar o dato no ano anterior (27.051)

As **solicitudes** admitidas representaron un 26,64% das solicitudes recibidas.

	Solicitudes recibidas	Solicitudes admitidas
<b>AFCAP</b>	21.729	7.474

Nas 307 actividades executadas neste período, a escola achegoulles certificacións a 6.457 alumnos/as. O nivel de aproveitamento dos cursos garda relación coas solicitudes admitidas no plan. Así, a seguinte táboa revela unha porcentaxe do 86,39% certificada.

	Solicitudes admitidas	Certificados expedidos	Porcentaxe certificada
<b>AFCAP</b>	7.474	6.457	86,39

#### > Distribución por áreas temáticas

A imbricación da sociedade e a saúde obriga a diagnosticar novos focos que precisen atención e, polo tanto, a abrir liñas programáticas na formación que repercutan na especialización do persoal que ten que enfrontarse con novas decisións e tratamentos. Neste marco dinámico e dinamizador, as materias neste ano poderíanse agrupar, de forma esquemática, nos seguintes campos de actuación segundo os programas establecidos:

En canto á distribución por áreas temáticas cabe destacar que é a de asistencia sanitaria a que desenvolve un maior volume de actividade, segundo queda recollido na seguinte táboa

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%	Nº de certific.	%
<b>Asistencia sanitaria</b>	121	39,41	1.738	41,43	2.429	37,62
<b>Comunicación e atención ao usuario</b>	23	7,49	352	8,39	485	7,51
<b>Administración, xestión e dirección das O.S.</b>	45	14,66	624	14,87	1.051	16,28
<b>Xestión do coñecemento na organización</b>	6	1,95	120	2,86	121	1,87
<b>Prevenção e promoción da saúde</b>	77	25,08	753	17,95	1.600	24,78
<b>Tecnoloxías</b>	35	11,40	608	14,49	771	11,94
<b>Total</b>	307	100,00	4.195	100,00	6.457	100,00

Actividade AFCAP por áreas temáticas.

O detalle das actividades de formación impartidas neste programa recóllese, a modo informativo, nas seguintes listaxes que quere ser un fiel reflexo dos focos de interese para os profesionais e a súa actualización e modernización:

## 1. ASISTENCIA SANITARIA

### Título

- . A organización da atención ás persoas con dependencia
- . A práctica clínica en terapia ocupacional
- . A xestión da dor en pacientes hospitalizados
- . Abordaxe do tabaquismo en atención primaria
- . Actuación do celador co enfermo psiquiátrico
- . Actuación do profesional sanitario ante un caso de malos tratos
- . Aplicacións clínicas da mapa en atención primaria
- . Atención ao paciente con deterioro cognitivo
- . Atención ao paciente pediátrico politraumatizado
- . Atención inicial ao paciente politraumatizado
- . Atención inicial ao paciente politraumatizado
- . Atención integral ao paciente e familia dende una perspectiva holística
- . Cirurxía menor avanzada
- . Cirurxía menor en atención primaria
- . Coidados auxiliares de enfermaría ao paciente terminal
- . Coidados básicos de auxiliares de enfermaría en pacientes psiquiátricos
- . Coidados de enfermaría en pacientes con EPOC
- . Coidados de enfermaría en cardioloxía
- . Coidados de enfermaría no paciente sometido a ventilación mecánica
- . Coidados de enfermaría en saúde mental
- . Coidados do paciente respiratorio. Técnicas de pneumoloxía
- . Coidados paliativos e acompañamento a procesos terminais

- . Como abordar ao paciente psiquiátrico dende a área do traballo social
- . Diagnóstico e abordaxe do tabaquismo. Consello breve
- . Electrocardiografía para enfermaría
- . Ergonomía e mobilización de pacientes nos coidados auxiliares de enfermaría
- . Fisioterapia no paciente crítico: UCI, REA
- . Fisioterapia respiratoria
- . Formación continuada en saúde bucodental
- . Humanización no ámbito sanitario
- . Indución miofascial
- . Introducción á fisioterapia respiratoria
- . Manexo do paciente xeriátrico nas unidades de saúde bucodental
- . O celador nas emerxencias
- . Obradoiro de diabete para enfermaría
- . Obradoiro de exploración oral para médicos de atención primaria
- . Obradoiro de nutrición
- . Obradoiro de ostomías
- . Obradoiro de vendaxes funcionais en atención hospitalaria
- . Obradoiro sobre a manipulación do doente encamado
- . Psicoxeriatría: programas e avaliación cognitiva en poboación maior
- . Risco cardiovascular
- . Soporte vital básico
- . Soporte vital básico, primeiros auxilios e trauma
- . Soporte vital avanzado



- . Soporte vital cardiovascular avanzado
- . Taller de insulinoterapia nos adultos
- . Técnicas de manexo e condución de enseres dun traslado sanitario
- . Triaxe nas urxencias extrahospitalarias
- . Vendaxe funcional

## 2. PREVENCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE

### Título

- . A seguridade no almacenamento de materiais e produtos
- . Actualización en vacinas
- . Atención aos pacientes inmigrantes
- . Condicións de seguridade no almacenamento e movemento de materiais e produtos
- . Danos á saúde de orixe laboral: conceptos básicos e investigación
- . Desfibrilación externa semiautomática (DESA)
- . Estrés, técnicas de relaxación, motivación e autoestima
- . Factores de risco laboral de orixe psicosocial. Estrés
- . Formación para manipulación de alimentos de alto risco - nivel I
- . Formación para manipulación de alimentos de alto risco - nivel II
- . Obradoiro de nutrición e cociña dietética
- . Obradoiro de abordaxe ao alcoholismo
- . Prevención de riscos en quirófanos
- . Procesos de hixienización
- . Puntos críticos no día a día para o programa de vacinacións
- . Radioprotección en quirófano
- . Riscos de seguridade en tarefas de mantemento
- . Riscos hixiénicos en institucións sanitarias
- . Riscos laborais da mobilización de pacientes e cargas
- . Riscos laborais derivados das tarefas de asistencia sanitaria
- . Riscos laborais en centros de atención primaria
- . Riscos laborais en cociñas hospitalarias
- . Riscos laborais nas áreas administrativas
- . Seguridade vial e accidentes de circulación
- . Violencia no lugar de traballo, estratexias de prevención

## 3. COMUNICACIÓN E ATENCIÓN AO USUARIO

### Título

- . A entrevista ao adolescente en atención primaria
- . Calidade na atención telefónica

- . Comunicación e atención ao usuario
- . Comunicación e traballo nun equipo multidisciplinar
- . Entrevista motivacional
- . Habilidades sociais para a calidade na atención ao usuario: o enfermo e os seus familiares
- . Obradoiro sobre o tratamento co doente violento. prevención das condutas violentas

#### 4. ADMINISTRACIÓN, XESTIÓN E DIRECCIÓN DAS ORGANIZACIÓNS

##### **Título**

- . Funcionamento e xestión dun servizo de farmacia hospitalaria
- . Actualización do marco normativo
- . Actualización en prestacións do Sergas
- . Comunicación escrita, elaboración de informes
- . Dereitos do paciente: unha atención de calidade
- . Dereitos e obrigas do paciente: información, intimidade, consentimento informado, historia e documentación clínica
- . Lexislación específica sobre cocinas hospitalarias
- . Protección de datos e adaptación á LOPD
- . Técnicas de traballos administrativos

#### 5. TECNOLOXÍAS

##### **Título**

- . Actuación da lavandaría na hixienización do textil hospitalario
- . Actuación do celador no quirófano



- . Citoloxía diagnóstica
- . Intranet, internet invisible e correo corporativo
- . Laboratorio clínico: metodoloxía organizativa
- . Limpeza en cociñas hospitalarias
- . Limpeza, desinfección e esterilización de material sanitario
- . Mantemento hospitalario
- . Mantemento hospitalario: novas tendencias en instalacións eléctricas hospitalarias
- . O sistema de información para a xestión dos pacientes (SIHGA)
- . Obradoiro de espirometrías
- . Producción industrial en cociñas hospitalarias
- . Técnicas de bioloxía molecular





## 6. XESTIÓN DO COÑECEMENTO NA ORGANIZACIÓN

### Título

- . Iniciación á metodoloxía da investigación científica
- . Planificación de coidados de enfermaría: diagnósticos e intervencións (NIC, NOC)

### > Resumo de actividade AFCAP xeográfica e por centros

Como queda reflectido nas seguintes táboas, o Plan AFCAP está totalmente descentralizado, as distintas actividades de formación impártense nos propios centros de traballo.

Distribución de actividades AFCAP por localidade.

	Nº de actividades	%	Nº de horas
<b>A Coruña</b>	47	14,78	629
<b>Burela</b>	11	3,46	134
<b>Ferrol</b>	20	7,38	309
<b>Lugo</b>	21	6,60	310
<b>Monforte de Lemos</b>	37	11,64	328
<b>O Barco de Valdeorras</b>	10	3,14	111
<b>Ourense</b>	8	2,52	109
<b>Pontevedra</b>	37	11,64	543
<b>Santiago de Compostela</b>	52	16,35	654
<b>Vigo</b>	53	16,67	700
<b>Outros</b>	11	3,46	195
<b>Total</b>	307	100,00	4.195

Distribución de actividades AFCAP por centro.

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%	
	Centralizados para toda a comunidade	18	5,37	204	4,64
A Coruña	Complexo Hospitalario Universitario A Coruña	21	9,25	404	11,45
	Xerencia de Atención Primaria da Coruña	15	4,48	166	3,77
	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	25	10,45	350	10,22
	Xerencia de Atención Primaria de Santiago	0	0,00	0	0,00
	Área sanitaria de Ferrol	6	1,79	63	1,43
Lugo	Complexo Hospitalario Xeral-Calde	22	6,57	316	7,18
	Xerencia de Atención Primaria de Lugo	12	3,58	154	3,50
	Hospital da Costa	14	4,18	164	3,86
	Hospital Comarcal de Monforte	13	3,88	136	3,09
Ourense	Complexo Hospitalario de Ourense	19	8,06	399	9,07
	Hospital Comarcal de Valdeorras	13	3,88	151	3,43
	Xerencia de Atención Primaria de Ourense	9	2,69	136	3,09
Pontevedra	Complexo Hospitalario de Pontevedra	22	6,57	356	8,09
	Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra	11	3,28	142	3,23
	Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	44	13,13	607	13,79
	Xerencia de Atención Primaria de Vigo	29	8,66	344	7,82
	Outros	14	4,18	103	2,34
	<b>Total</b>	<b>307</b>	<b>100,00</b>	<b>4.195</b>	<b>100,00</b>

### > Resumo de actividade AFCAP por meses

Un dos aspectos cualitativos no que se incidiu foi o da planificación temporal, e dicir, a distribución das actividades no maior número de meses factible, de xeito que o calendario formativo acadase os principios de racionalidade e eficacia.

Distribución de actividades AFCAP por meses.

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%
<b>Xanelro</b>	0	0,00	0	0,00
<b>Febreiro</b>	0	0,00	0	0,00
<b>Marzo</b>	19	6,19	252	6,01
<b>Abril</b>	51	16,61	624	14,87
<b>Malo</b>	54	17,59	811	19,33
<b>Xuño</b>	57	18,57	817	19,48
<b>Xullo</b>	0	0,00	0	0,00
<b>Agosto</b>	0	0,00	0	0,00
<b>Setembro</b>	32	10,42	457	10,89
<b>Outubro</b>	48	15,64	643	15,33
<b>Novembro</b>	46	14,98	591	14,09
<b>Decembro</b>	0	0,00	0	0,00
<b>Total</b>	307	100,00	4.195	100,00

Tendo en conta as dúas fases anuais de convocatoria e inscrición (febreiro e xuño) e os períodos vacacionais, a táboa reflicte unha uniformidade mensual na oferta formativa, o que permite aos destinatarios unha mellor opción de flexibilidade, xa que integran un sector profesional con peculiaridades de dispoñibilidade.

Desde a perspectiva organizativa, a uniformidade amosa un uso racional dos medios tanto materiais como persoais.

### > Distribución por intervalos de horas do plan AFCAP

A asignación por curso do número de horas ao longo do ano sería a que segue:

Intervalo horas	AFCAP
<b>0-9 horas</b>	93
<b>10-19 horas</b>	121
<b>20-29 horas</b>	90
<b>30-59 horas</b>	3
<b>60-99 horas</b>	0
<b>&gt;= 100 horas</b>	0
<b>Total</b>	<b>307</b>

#### > Distribución por número de destinatarios da actividade do plan AFCAP

A organización dos cursos procura o rendemento das actividades e do alumnado e baséase na efectividade; en canto ao número de alumnos aos que van dirixidos, os cursos organízanse tal como mostra a seguinte táboa de datos:

Nº de destinatarios	AFCAP
<b>0-19</b>	21
<b>20-29</b>	266
<b>30-39</b>	19
<b>40-59</b>	1
<b>&gt;= 60</b>	0
<b>Total</b>	<b>307</b>

As actividades poderíanse agrupar xenericamente segundo diferentes obxectivos e destinatarios en: formación para grupos profesionais concretos; para atender grupos especiais de pacientes por razón social, epidemiolóxica, etc.; formación para procesos ou procedementos específicos de asistencia ou tratamento; atendendo ao funcionamento e organización das institucións e implantación e uso de aparellos tecnolóxicos ou tecnoloxías; por razón de seguridade e prevención de riscos laborais; ou actividades encamiñadas aos usuarios, de comunicación e de administración nos servizos sanitarios.

A planificación de actividades enmárcase nas diferentes funcións e reordenacións da organización do sistema público sanitario e a consecuente necesidade de prestar novos servizos nos diferentes tramos de atención. O plan anual de formación trata de cubrir estas novas necesidades co fin último de mellorar a atención ao usuario e optimizar o funcionamento das institucións sanitarias.

## 2.2.2. PLAN ESTRATÉXICO DE FORMACIÓN PEF

Nel desenvólvense todas as actividades docentes incluídas dentro do Plan Estratéxico de Formación (PEF) dos traballadores e traballadoras ao servizo da sanidade pública galega.

### 2.2.2.1. Resumo de actividade PEF

A execución do Plan PEF para o ano 2008 supuxo o desenvolvemento de 341 actividades que abrangueron un total de 5.602 horas lectivas.

A través deste plan, admitíronse 10.957 solicitudes de inscrición das presentadas o que significa un incremento do 32,50% respecto as solicitudes admitidas neste plan respecto ao ano pasado.

	Solicitudes recibidas	Solicitudes admitidas
<b>PEF</b>	30.054	10.957

Os resultados desde a perspectiva de asistencia e superación dos contidos dos cursos ao longo do ano, quedan reflectidos no resumo dos certificados expedidos pola Escola tal como segue:

	Solicitudes admitidas	Certificados expedidos	Porcentaxe certificada
<b>PEF</b>	10.957	7.841	71,50

#### > Distribución por áreas temáticas

Neste plan estratéxico, e sen ter en conta as diferentes edicións que se poidan realizar para cada curso, a distribución de actividades de formación, horas e certificados nas distintas áreas temáticas quedan reflectidas na seguinte táboa:

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%	Nº de certific.	%
<b>Asistencia sanitaria</b>	72	21,11	1.083	19,33	1.522	19,41
<b>Comunicación e atención ao usuario</b>	31	9,09	452	8,07	73	0,93
<b>Administración, xestión e dirección das O.S.</b>	76	22,29	1.917	34,22	1.712	21,83
<b>Xestión do coñecemento na organización</b>	15	4,40	439	7,84	236	3,01
<b>Prevenición e promoción da saúde</b>	61	17,89	470	8,39	1.710	21,81
<b>Tecnoloxías</b>	65	19,06	1.034	18,46	2.102	26,81
<b>Outros</b>	21	6,16	207	3,70	486	6,20
<b>Total</b>	341	100,00	5.602	100,00	7.841	100,00

Actividades PEF por áreas temáticas.

Nos datos porcentuais, en canto a actividades realizadas durante o ano, se observa unha uniformidade nas distintas áreas que se axusta ao obxectivo do PEF.

O desglose das actividades de formación impartidas neste plan recóllese, a modo informativo, na seguinte listaxe:

## 1. ASISTENCIA SANITARIA

### Título

- . A atención ao parto e puerperio hospitalario
- . A atención ao puerperio en atención primaria
- . Atención á muller no climaterio
- . Atención ao paciente con deterioro cognitivo
- . Atención aos pacientes inmigrantes
- . Atención inicial ao paciente politraumatizado
- . Avanzado sobre a técnica da entrevista motivacional
- . Básico sobre a técnica da entrevista motivacional
- . Cirurxía menor avanzada
- . Coidados de enfermaría en pacientes con EPOC
- . Coidados de enfermaría en pacientes con enfermidade pulmonar obstrutiva crónica
- . Coidados de enfermaría en pacientes con EPOC
- . Dó, concepto, clínica, tratamento e enlace con primaria
- . Educación maternal
- . Electrocardiografía para enfermaría
- . A filosofía contemporánea ante o problema da mente
- . Formación teórico-práctica en consulta preconcepcional e embarazo normal
- . Manexo do paciente "medicamente comprometido" nas unidades de saúde bucodental de atención primaria

- . Manifestacións orais das enfermidades sistémicas
- . O paciente pediátrico nas unidades de saúde bucodental de atención primaria
- . Obradoiro de diabeite para enfermaría
- . Obradoiro de intervención logopédica a nenos xordos de 0-3 anos
- . Programas preventivos en saúde mental nos primeiros anos de vida
- . Psicoterapias: terapia focal e breve. Sistémica
- . Saúde afectivo sexual da muller
- . Seminario sobre instrumentos de avaliación e psicodiagnóstico en trastornos adictivos. Nivel avanzado
- . Soporte vital cardiovascular avanzado
- . Trastorno mental grave en psioxeriatría
- . Trastornos da personalidade. Trastorno límite. Psicopatoloxía
- . Tratamento comunitario. O trastorno mental severo, enfoque interdisciplinar na comunidade
- . Tratamento integral de pacientes con trastornos da conduta alimentaria
- . Indución miofascial
- . Habilidades de atención en saúde mental e drogodependencias
- . Cirurxía menor en atención primaria
- . O proceso de doazón e transplante
- . Coidados de enfermaría en pacientes con EPOC
- . Formación para aspirantes a vinculacions temporais do Sergas
- . Proxecto colaborativo en embarazo
- . Formación para aspirantes a vinculacións temporais do Sergas
- . Actuación xeral, diagnóstico e tratamento de infeccións de transmisión sexual (ITS)
- . Anticoncepción en atención primaria
- . Diagnóstico e tratamento das infeccións de transmisión sexual (ITS)
- . Mellora da atención sanitaria ás patoloxías cardiovasculares nas mulleres
- . Mellora de atención sanitaria á muller con dor crónica musculoesquelética. Actualización en fibromialxía
- . Psioxeriatría: programas e avaliación cognitiva en poboación maior
- . Xeración contidos curso e-learning de primeiros auxilios

## 2. PREVENCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE

### Título

- . Estudo epidemiolóxico sobre o consumo de drogas en Galicia
- . Estudo epidemiolóxico sobre motivacións, factores de risco e protección e outras cuestións relativas ao consumo de drogas
- . Habilidades persoais e sociais
- . Prevención do consumo de drogas en lugares de ocio
- . Prevención do consumo de drogas no ámbito laboral
- . Criterios e bases para a intervención preventiva con adolescentes en risco. Programa ODISEA
- . Actividade física e saúde

- . Avanzado de lactación materna
- . Básico de prevención de riscos laborais
- . Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
- . Programa sanitario de vixilancia das augas de consumo humano e o SINAC
- . Inspección en industrias da carne
- . Inspección en industrias da pesca
- . Intervencións sobre cuidadores de enfermos crónicos
- . Muller e drogas: pautas de actuación preventivas
- . Prevención e control da lexieloxe
- . Principios en prevención de riscos laborais
- . Protección da maternidade dende a prevención de riscos laborais
- . Xestión e mellora da seguridade de pacientes
- . Xornada de investigación de abrochos de enfermidade de orixe alimentaria
- . Principios en prevención de riscos laborais
- . Danos á saúde de orixe laboral: criterios
- . Prevención do ictus
- . Xeración de contidos de xestión en PRL
- . Píldoras prevención de riscos laborais- coffee learning
- . Desenvolvemento trailer proxecto simulación médica avanzada





### 3. COMUNICACIÓN E ATENCIÓN AO USUARIO

#### Título

- . Adestramento en counselling para persoal socio-sanitario, partindo do problema VIH/sida e tuberculose
- . Comunicación e atención ao usuario
- . Counselling avanzado en VIH/sida e tuberculose
- . Inglés
- . O sistema de xestión de reclamacións e suxestións para receptores
- . O sistema de xestión de reclamacións e suxestións para xestores
- . O sistema de xestión de reclamacións e suxestións
- . O sistema de xestión de reclamacións e suxestións para xestores
- . Tarxeta sanitaria e aseguramento: nivel básico
- . Tarxeta sanitaria e aseguramento: nivel avanzado
- . O sistema de xestión de reclamacións e suxestións

### 4. ADMINISTRACIÓN, XESTIÓN E DIRECCIÓN DAS ORGANIZACIÓNS SANITARIAS

#### Título

- . Dirección e organización de centros sanitarios
- . Adestramento para a realización de mamografías de cribado e control de calidade
- . Contratación de concertos de asistencia sanitaria
- . Especialización en xestión económica e orzamentaria
- . Introducción ao control financeiro
- . Xestión económica e orzamentaria
- . Xestión económica e orzamentaria para o persoal procedente das fundacións públicas sanitarias
- . Auditores internos dos sistemas de calidade dos servizos de inspección de saúde pública
- . Auditoría dos requisitos do sistema APPCC
- . Xestión clínica aplicada ao funcionamento das comisións clínicas e dos equipos de mellora
- . Como certificar a causa de defunción
- . Coordinación de proxectos de mellora
- . Coordinación de proxectos de mellora
- . Dirección e implantación de sistemas de xestión da calidade en sistemas de información sanitaria
- . Estándares de interoperabilidade sanitarios
- . Estándares de interoperabilidade sanitarios
- . Goberno das TIC
- . Inspección de piscinas
- . Inspección en establecementos de obtención de carnes frescas
- . ISO 20000
- . Dirección IT: soporte ao servizo
- . Lexislación informática

- . Obradoiro de inspección de centros de bronceado e establecementos de tatuaxe, micropigmentación e piercing
- . Sistemas de información analíticos para a xestión sanitaria
- . Xestión clínica para xefes dos SAP
- . Xestión clínica para xefes dos SAP
- . Avanzado de calidade no marco das normas ISO 9001:2000
- . Avanzado de contratación administrativa
- . Básico de calidade no marco das normas ISO 9001:2000
- . Catálogo de produtos e provedores do servizo galego de saúde
- . Dereitos dos cidadáns en materia sanitaria: unha atención de calidade
- . Implantación de sistemas de avaliación de satisfacción de clientes
- . Instrucións previas: tramitación e rexistro
- . O enfoque de xénero como ferramenta de traballo en saúde
- . Procedemento de contratación e aplicación informática de contratación administrativa
- . Sistema de negociación con provedores
- . Tarxeta chip: acreditación profesionais e acceso a IANUS
- . Xestión de depósitos. Obradoiro práctico
- . Xestión e organización dos servizos de urxencias hospitalarios
- . Xestións de almacéns de planta ou periféricos
- . Obradorio de inspección de saúde pública
- . Obradoiro de planificación territorial
- . Introducción ao control financeiro
- . Catálogo de produtos e provedores do servizo galego de saúde
- . Básico de calidade
- . O rexistro galego de instrucións previas: xestión e desenvolvemento
- . Xestión orzamentaria no servizo galego de saúde
- . Diplomado en sanidade
- . Introducción á lei 30/2007 de contratos do sector público
- . Seminario experiencias en gestión sanitaria: historia clínica electrónica, confidencialidad y protección de la información
- . Máster en dirección e xestión de servizos sanitarios
- . Básico de calidade no marco das normas ISO 9001:2000
- . Xeración de contidos didácticos e-learning “calidade procesos e procedementos”

## 5. TECNOLOXÍAS

### Título

- . Fundamentos de ITIL
- . Os sistemas de información analítica nos procesos de xestión económica: SIAC-recursos económicos
- . Acreditación do coñecemento da ferramenta de historia clínica electrónica (IANUS)
- . Administración do portal colaborativo
- . Básico de excel

- . Básico de correo electrónico
- . Básico de powerpoint
- . Básico de word
- . Contabilización de expedientes no servizo galego de saúde
- . Director de instalacións de raios X
- . Excel avanzado: aplicacións para as áreas de xestión económica
- . Fundamentos de ITIL
- . Imaxe dixital
- . Internet, intranet e redes de comunicacións
- . Normas ISO no eido da seguridade dos sistemas de información : serie ISO 27000
- . Sistema de almacenamento en rede
- . Sistema electrónico de transmisión de datos. Códigos EAN/GS1.
- . Utilización do portal colaborativo
- . Virtualización de servidores
- . Sistema electrónico de transmisión de datos. Códigos EAN/GS1
- . Contabilización de expedientes no servizo galego de saúde
- . Imaxe dixital

## 6. XESTIÓN DO COÑECEMENTO NA ORGANIZACIÓN

### Título

- . Foros de debate por un mundo máis saudable
- . Metodoloxía docente e avaliativa para titores de formación especializada



- . Codificación coa snomed CT
- . Formación continuada de traballadores sociais
- . Avanzado de codificación clínica CIE-9-MC, 6ª edición
- . Cuestionarios sobre a calidade de vida: emprego na clínica e na avaliación de tecnoloxías sanitarias
- . Formador de teleformadores
- . III xornada autonómica de formación especializada e pleno de REDEGA
- . Xestión da formación nas unidades docentes de medicina do traballo
- . Dereito farmacéutico: normativa estatal e normativa europea.

#### > Resumo de actividade PEF xeográfica e por centros

Resulta destacable a maior centralización das actividades formativas deste plan, con respecto ao programa AFCAP, sustentada nas características diferenciadoras do mesmo, tanto en obxectivos como en destinatarios da formación.

	Nº de actividades	%	Nº de horas
<b>A Coruña</b>	17	5,38	771
<b>Burela</b>	3	0,95	44
<b>Cee</b>	3	0,95	48
<b>Ferrol</b>	9	2,85	101
<b>Lugo</b>	23	4,11	175
<b>Monforte de Lemos</b>	2	0,63	13
<b>O Barco de Valdeorras</b>	3	0,95	28
<b>Ourense</b>	22	6,96	248
<b>Pontevedra</b>	20	3,16	291
<b>Ribeira</b>	3	0,95	44
<b>Santiago de Compostela</b>	126	39,87	2.270
<b>Verín</b>	3	0,95	52
<b>Vigo</b>	23	5,70	263
<b>Vilagarcía de Arousa</b>	2	0,63	32
<b>Outros</b>	82	25,95	1.221
<b>Total</b>	341	100,00	5.554

Distribución de actividades PEF por localidade.

Distribución de actividades  
PEF por centro.

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%
<b>Centralizados para toda a comunidade</b>	109	32,54	2.104	35,59
<b>A Coruña</b>				
<b>Complexo Hospitalario Universitario A Coruña</b>	5	1,49	85	1,44
<b>Xerencia de Atención Primaria da Coruña</b>	6	1,79	127	2,15
<b>Complexo Hospitalario Universitario de Santiago</b>	2	0,60	31	0,52
<b>Xerencia de Atención Primaria de Santiago</b>	0	0,00	0	0,00
<b>Complexo Hospitalario Arquitecto Marceide-Novoa Santos</b>	5	1,49	47	0,79
<b>Área sanitaria de Ferrol</b>	0	0,00	0	0,00
<b>Lugo</b>				
<b>Complexo Hospitalario Xeral-Calde</b>	1	0,30	20	0,34
<b>Xerencia de Atención Primaria de Lugo</b>	4	1,19	70	1,18
<b>Hospital da Costa</b>	3	0,90	44	0,74
<b>Hospital Comarcal de Monforte</b>	2	0,60	13	0,22
<b>Ourense</b>				
<b>Complexo Hospitalario de Ourense</b>	9	1,79	86	1,45
<b>Hospital Comarcal de Valdeorras</b>	3	0,90	28	0,47
<b>Xerencia de Atención Primaria de Ourense</b>	0	0,00	0	0,00
<b>Pontevedra</b>				
<b>Complexo Hospitalario de Pontevedra</b>	5	0,60	24	0,41
<b>Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra</b>	1	0,30	8	0,14
<b>Complexo Hospitalario Universitario de Vigo</b>	7	2,09	97	1,64
<b>Xerencia de Atención Primaria de Vigo</b>	7	2,09	78	1,32
<b>Outros</b>	172	51,34	2.700	51,59
<b>Total</b>	341	100,00	5.602	100,00

### > Resumo de actividade PEF por meses

Excluindo os meses de verán, non hai un movemento significativo na estrutura temporal da planificación das actividades PEF en canto ao número.

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%	Nº de certificados	%
<b>Xaneiro</b>	13	3,81	136	2,43	223	2,84
<b>Febreiro</b>	21	6,16	437	7,80	561	7,15
<b>Marzo</b>	20	5,87	132	2,36	588	7,50
<b>Abril</b>	45	13,20	614	10,96	1.154	14,72
<b>Maio</b>	45	13,20	658	11,75	1.469	18,73
<b>Xuño</b>	36	10,56	634	11,32	768	9,79
<b>Xullo</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
<b>Agosto</b>	0	0,00	0	0,00	14	0,18
<b>Setembro</b>	36	10,56	944	16,85	454	5,79
<b>Outubro</b>	53	15,54	1.050	18,74	1.142	14,56
<b>Novembro</b>	56	16,42	668	11,92	1.182	15,07
<b>Decembro</b>	16	4,69	329	5,87	286	3,65
<b>Total</b>	341	100,00	5.602	100,00	7.841	100,00

Distribución de actividades PEF por meses.

### > Distribución por intervalos de horas do plan PEF

A acción formativa do plan concentra a duración das actividades cara a dous intervalos diferenciados, como se pon de manifesto na seguinte táboa global de distribución de horas; é dicir, cursos de ata 9 horas e de 20 a 29 horas.

Intervalo horas	PEF
<b>0-9 horas</b>	147
<b>10-19 horas</b>	74
<b>20-29 horas</b>	93
<b>30-59 horas</b>	17
<b>60-99 horas</b>	4
<b>&gt;= 100 horas</b>	6
<b>Total</b>	341

### > Distribución por número de destinatarios da actividade do plan PEF

Co interese de equilibrar a calidade na formación a través dun número adecuado de alumnos/as e atender as altas taxas de solicitudes de participación, a distribución das actividades en canto ao número de destinatarios resultou da seguinte forma:

Nº de destinatarios	PEF
0-19	67
20-29	154
30-39	44
40-59	65
>= 60	11
<b>Total</b>	<b>341</b>

### 2.2.3. PLAN DE FORMACIÓN PARA A CALIDADE NA PRESCRICIÓN DE MEDICAMENTOS CPM

Na actualidade é frecuente a dispoñibilidade de diversas alternativas farmacoterapéuticas para a resolución dunha mesma situación clínica. Esta amplitude de medidas terapéuticas pode ser, por un lado, beneficiosa para axudar a individualizar os tratamentos e pode ser un elemento adverso para a selección dos medicamentos. A variabilidade na prescrición pode desencadear perdas de eficacia (non se conseguen os resultados esperados) ou de eficiencia (bo resultado con custos elevados).

*Por este motivo, a calidade na prescrición dos medicamentos constitúe un elemento vital no sistema nacional de saúde. A mellora da calidade esixe a capacitación continua e actualizada dos médicos na utilización dos recursos farmacoterapéuticos.*

Para desenvolver unha estratexia formativa de carácter integral, eficiente e capaz de lle dar cobertura a un colectivo profesional de tal magnitude, o **Consello Interterritorial do SNS** destinou contribucións económicas a todas as comunidades autónomas, que son as responsables do deseño, o desenvolvemento e a avaliación da formación.

O plan de xestión implantado e xestionado a través da escola ten os seguintes principais **obxectivos**:

- > Diminución na variabilidade no tratamento de certas patoloxías, non xustificable pola incerteza terapéutica.
- > Selección dos medicamentos na práctica clínica baixo os criterios de evidencia científica: eficacia, seguridade, pertinencia e custo.



> Utilización adecuada dos novos principios activos.

> Fomento do uso dos medicamentos xenéricos.

O plan de formación para a calidade na prescrición inclúe tres grandes áreas:

1. Actividades de formación
2. Apoio á docencia
3. Apoio á prescrición

As actividades desenvolvidas pola Escola, en relación a este plan, circunscríbense estrictamente ás actividades de formación.

#### **2.2.3.1. Resumo actividades de formación CPM**

O cómputo total de cursos executados foi de 40. A súa planificación realizouse nun total de 448 horas. A finalidade do plan, en todo caso, é chegar ao maior número posible de destinatarios e ofrecer a formación precisa para o desenvolvemento do plan de xestión. A resposta á divulgación e publicidade do novo plan de formación transcendeu de forma positiva:

	Solicitudes recibidas	Solicitudes admitidas
CPM	1.677	878



O nivel de asistencia ás actividades organizadas, en virtude dos **certificados** expedidos, (622) é dun 70%, unha importante e positiva taxa.

	Solicitudes admitidas	Certificados expedidos	Porcentaxe certificada
<b>CPM</b>	878	622	78,84

En canto ás áreas **temáticas**, as actividades concéntranse en dous grandes apartados:

- Contidos xenéricos: centradas en aspectos metodolóxicos da selección e avaliación de medicamentos.
- Contidos específicos: orientadas á actualización terapéutica nas patoloxías ou problemas de saúde máis prevalentes.

Dentro da estrutura temática da Escola, as áreas e a súa distribución de execución quedan como segue:

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%	Nº de certific.	%
<b>Asistencia sanitaria</b>	10	25,00	72	14,75	164	26,37
<b>Comunicación e atención ao usuario</b>	4	10,00	80	16,39	45	7,23
<b>Administración, xestión e dirección das O.S.</b>	1	2,50	20	4,10	45	7,23
<b>Xestión do coñecemento na organización</b>	16	40,00	264	54,10	236	37,94
<b>Prevenção e promoción da saúde</b>	9	22,50	52	10,66	132	21,22
<b>Tecnoloxías</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
<b>Total</b>	40	100,00	448	100,00	622	100,00

Durante o ano 2008 as edicións do curso quedaron da seguinte forma, segundo os títulos dos temas que se trataron:

#### Curso

- . Proxecto colaborativo en enfermos pluripatolóxicos
- . Detección e tratamento da depresión en atención primaria
- . Farmacoloxía en odontoloxía
- . Insuficiencia cardíaca
- . Insuficiencia cardíaca
- . Obradoiro de hipertensión arterial
- . Psicoxeriatría: programas e avaliación cognitiva en poboación maior
- . Xestión por procesos
- . Bases do control da tuberculose: estándares internacionais de diagnóstico e tratamento

- . Manexo da tuberculose resistente a fármacos
- . Pautas curtas no tratamento da infección tuberculosa
- . Urxencias toxicolóxicas
- . Entrevista motivacional
- . Actualización terapéutica en pediatría de atención primaria
- . Actualización terapéutica en pediatría de atención primaria
- . Actualización terapéutica en urxencias prehospitalarias de pediatría
- . Análise e xestión do risco en farmacovixilancia
- . Análise e xestión do risco en farmacovixilancia
- . Análise e xestión do risco en farmacovixilancia
- . Atención aos pacientes con adiccións
- . Farmacovixilancia
- . Farmacovixilancia
- . Introducción ao portfolio como ferramenta de avaliación formativa
- . Introducción ao portfolio como ferramenta de avaliación formativa
- . Manexo da dor
- . Manexo do paciente con enfermidade celíaca



- . Resistencias bacterianas asociadas a o uso de antibióticos
- . Resistencias bacterianas asociadas a o uso de antibióticos
- . Obradoiro de lectura crítica de avaliacións económicas de tecnoloxías sanitarias

### > Resumo de actividade CPM xeográfica e por centros

Os datos reunidos seguintes sinalan a tendencia xeográfica na execución das actividades CPM coa concentración centralizada para toda a Comunidade na sede da Escola.

Distribución de actividades CPM por localidade.

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%	Nº de certif.	%
<b>A Coruña</b>	5	12,50	48	9,84	39	6,27
<b>Burela</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
<b>Cee</b>	1	2,50	9	1,84	12	1,93
<b>Ferrol</b>	1	2,50	8	1,64	32	5,14
<b>Lugo</b>	3	7,50	30	6,15	53	8,52
<b>Monforte de Lemos</b>	1	2,50	12	2,46	15	2,41
<b>O Barco de Valdeorras</b>	2	5,00	14	2,87	26	4,18
<b>Ourense</b>	2	5,00	20	4,10	29	4,66
<b>Pontevedra</b>	6	15,00	25	5,12	88	14,15
<b>Ribeira</b>	1	2,50	20	4,10	17	2,73
<b>Santiago de Compostela</b>	9	22,50	108	22,13	167	26,85
<b>Verín</b>	1	2,50	20	4,10	6	0,96
<b>Vigo</b>	5	12,50	54	11,07	107	17,20
<b>Vilagarcía de Arousa</b>	1	2,50	40	8,20	17	2,73
<b>Outros</b>	2	5,00	80	16,39	14	2,25
<b>Total</b>	40	100,00	488	100,00	622	100,00

Distribución de actividades CPM por centro.

		Nº de activ.	%	Nº de horas	%	Nº de certif.	%
<b>Centralizados para toda a comunidade</b>		9	22,50	96	19,67	134	21,54
<b>A Coruña</b>	<b>C. Hospitalario Universitario A Coruña</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
	<b>Xerencia de Atención Primaria da Coruña</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
	<b>C.H. Universitario de Santiago</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
	<b>Xerencia de Atención Primaria de Santiago</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
	<b>C.H. Arquitecto Marclide-Novoa Santos</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
	<b>Área sanitaria de Ferrol</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
<b>Lugo</b>	<b>Complexo Hospitalario Xeral-Calde</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
	<b>Xerencia de Atención Primaria de Lugo</b>	2	5,00	36	7,38	35	5,63
	<b>Hospital da Costa</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
	<b>Hospital Comarcal de Monforte</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
<b>Ourense</b>	<b>Complexo Hospitalario de Ourense</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
	<b>Hospital Comarcal de Valdeorras</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
	<b>Xerencia de Atención Primaria de Ourense</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
<b>Pontevedra</b>	<b>Complexo Hospitalario de Pontevedra</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
	<b>Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
	<b>Complexo Hospitalario Universitario de Vigo</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
	<b>Xerencia de Atención Primaria de Vigo</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
<b>Outros</b>		29	75,50	356	72,95	453	72,83
<b>Total</b>		40	100,00	488	100,00	622	100,00

### > Resumo de actividade CPM por meses

A diferenza da programación dos plans de formación anteriores, CPM non se executa de xeito distributivo ao longo do ano xa que o obxectivo é a formación inmediata dos profesionais para a implantación dun novo modelo de medicamento e a súa prescrición.

Distribución de actividades CPM por meses.

	Nº de actividades	%	Nº de horas	%	Nº de certificados	%
<b>Xaneiro</b>	1	2,50	4	0,82	0	0,00
<b>Febreiro</b>	5	12,50	106	21,72	168	27,01
<b>Marzo</b>	12	30,00	100	20,49	164	26,37
<b>Abril</b>	8	20,00	80	16,39	95	15,27
<b>Maio</b>	6	15,00	76	15,57	100	16,08
<b>Xuño</b>	6	15,00	90	18,44	62	9,97
<b>Xullo</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
<b>Agosto</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
<b>Setembro</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
<b>Outubro</b>	1	2,50	20	4,10	33	5,31
<b>Novembro</b>	0	0,00	0	0,00	0	0,00
<b>Decembro</b>	1	2,50	12	2,46	0	0,00
<b>Total</b>	40	100,00	488	100,00	622	100,00

### > Distribución por intervalos de horas do plan CPM

En canto á distribución do número de receptores e a duración por cada curso, organizouse de forma que levase consigo efectividade e axilidade na formación; decidiuse programar as actividades nun número de entre 0-20 persoas na maioría dos cursos no que fose factible e cun intervalo de duración amplamente dominante de 0-9 horas.

Intervalo horas	CPM
0-9 horas	18
10-19 horas	7
20-29 horas	6
30-59 horas	0
60-99 horas	6
>= 100 horas	3
<b>Total</b>	<b>40</b>

> **Distribución por número de destinatarios da actividade do plan CPM**

As actividades de formación van **dirixidas** a:

- > Médicos residentes.
- > Médicos do Sergas, tanto de atención especializada como de atención primaria.

Nº de destinatarios	CPM
0-19	18
20-29	19
30-39	0
40-59	3
>= 60	0
<b>Total</b>	<b>40</b>

## 2.3. FORMACIÓN DE CAPACITACIÓN

Dende a Escola entendemos por formación de capacitación unha formación que permita adquirir competencia profesional nunha área de coñecemento ou de investigación. Polo tanto, as actividades que formen parte deste tipo de formación serán as que habiliten en novidasas competencias profesionais, obrigando a promover unha formación destinada ao beneficio dos cidadáns e das organizacións sanitarias.

Necesariamente incluirán no seu deseño curricular: relatorios teóricos e prácticos, traballo individual, traballo en grupo, titorías individuais e proxectos de fin de estudos.

### 2.3.1. DIPLOMADO EN SANIDADE

Este ano 2008 celebrouse a **11ª edición** do curso de Diplomado en Sanidade.

O **obxectivo** do curso é achegar aos profesionais sanitarios de Galicia ás diversas disciplinas da saúde pública e ás técnicas necesarias para a detección, interpretación, control e avaliación dos problemas de saúde da poboación.

Os obxetivos específicos do curso Diplomado en Sanidade foron:

- Avaliar e analizar a repercusión dos problemas de saúde da comunidade de Galicia.
- Adquirir unha visión global dos problemas de saúde da comunidade de Galicia.
- Coñecer a evolución do concepto de saúde e as actuais tendencias da demanda e a resposta organizada ante a mesma.
- Comprender os determinantes da saúde no traballo dos distintos profesionais sanitarios.
- Valorar a repercusión dos problemas de saúde e valorar aqueles aspectos dos mesmos que dependan do sistema sanitario.
- Promover a integración científico-técnica dos distintos profesionais que coexisten no sistema de saúde.
- Coñecer a organización da asistencia sanitaria de Galicia e a súa resposta aos determinantes de saúde.
- Coñecer as estratexias e os programas desenvolvidos pola Dirección Xeral de Saúde Pública e a súa resposta aos determinantes de saúde.
- Coñecer e analizar as fontes da información que permite valorar os problemas de saúde e a influencia que teñen os distintos servizos sanitarios na orixe de dita información.

- Coñecer e aplicar as principais técnicas para estudar e avaliar os problemas de saúde.
- Identificar os grupos de poboación máis afectados por determinados problemas de saúde.

O curso ten unha duración de 250 horas acreditadas, das que 75 corresponden á elaboración e exposición dun traballo práctico.

Dos 36 interesados en cursar os estudos, nesta nova edición accederon 25 persoas. A porcentaxe de certificación foi do 96%.

#### > **Contido. Módulos**

6 módulos temáticos e un módulo práctico.

- . Módulo I: demografía e sistemas de información sanitaria
- . Módulo II: métodos e técnicas para a realización de estudos epidemiolóxicos
- . Módulo III: busca bibliográfica e lectura crítica de artigos científicos
- . Módulo IV: planificación e programación sanitarias
- . Módulo V: organización sanitaria e políticas de saúde
- . Módulo VI: estratexias e programas de Saúde Pública
- . Módulo VII: traballo de campo





**> Ficha técnica:**

<b>Lugar de celebración</b>	FEGAS, Santiago de Compostela
<b>Coordinador xeral do curso</b>	M <sup>a</sup> Eugenia Lado Lema, Técnico superior do Servizo de Seguridade Alimentaria
<b>Coordinador docente do curso</b>	Xurxo Hervada Vidal, Subdirector Xeral de Epidemioloxía e Sistemas de Información
<b>Organiza</b>	Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria, FEGAS
<b>Conveniado a efectos de homologación</b>	Escuela Nacional de Sanidad

**2.3.2. MÁSTER EN ALTA DIRECCIÓN SANITARIA**

Destinado á capacitación de xestores cun alto grao de responsabilidade na xestión xeral, profundo coñecemento do sector sanitario e as súas problemáticas específicas e familiarizados co manexo das habilidades directivas.

O curso diríxese tanto a directivos sanitarios en activo como a profesionais do sector con experiencia e ao cargo da xestión de institutos, áreas de xestión ou servizos.

Realizado coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela e desenvolvido a través do Instituto y Dependencia SL., outorga o título de Máster en Alta Dirección Sanitaria.

Ten unha duración de 500 horas distribuídas ao longo do período lectivo 2007-2008, cunha metodoloxía de formación *blended-learning*, que combina sesións presenciais con teleformación.

Participan un número total de 38 alumnos.

**> Bloques temáticos**

- . Bloque I: introdución metodolóxica
- . Bloque II: introdución á xestión
- . Bloque III: o sector sanitario
- . Bloque IV: xestión asistencial

- . Bloque V: xestión dos servizos de soporte
- . Bloque VI: temas emerxentes
- . Bloque VII: calidade
- . Bloque VIII: desenvolvemento directivo

> **Ficha técnica**

<b>Sede</b>	Escola Galega de Administración Sanitaria
<b>Directores e Coordinadores científicos</b>	<p style="text-align: right;">Dna. Berta Rivera Castiñeira, Directora da Escola Galega de Administración Sanitaria</p> <p style="text-align: right;">D. Jesús Caramés Bouzán, Director Xerente do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela</p> <p style="text-align: right;">D. José María Fraga Bermúdez, Decano da Facultade de Medicina e Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela</p>

### 2.3.3. MÁSTER EN DIRECCIÓN E XESTIÓN DE SERVICIOS SANITARIOS

Máster en **colaboración** coa Escola para as Administracións Públicas de Caixanova. Edición Pontevedra.

O **obxectivo** fundamental do programa é o de contribuír á mellora da xestión sanitaria en Galicia a través da formación dos seus directivos e xestores actuais e potenciais.

É un programa pensado para profesionais da saúde cunha **metodoloxía** activa e participativa orientada á consecución das competencias específicas de xestión: experiencias e *benchmarking* para coñecer outros modos de xestión, casos de estudo para mellorar na toma de decisións, traballo en equipo para compartir experiencias e adquirir a necesaria empatía, proxectos para pór en práctica os coñecementos adquiridos e a aplicar nos propios servizos, e formación *outdoor* para lograr un ambiente de cooperación na propia aula e lograr maiores niveis de aprendizaxe no persoal e humano.

Son **destinatarios** deste programa todos aqueles profesionais con titulación universitaria que desexen afondar na xestión no ámbito sanitario e sociosanitario.

O número de admitidos na edición de 2008 foi de 29 alumnos.

A súa **estrutura** é modular e ten unha duración total de 510 horas en sesións presenciais de 10 horas de duración. Para a obtención do título é necesaria a elaboración e presentación dun proxecto final que garde relación cos conceptos xerados no curso adaptadas á realidade dunha organización ou servizo sanitario.

#### > Bloques temáticos

- . Bloque I: experto en persoas no ámbito sanitario
- . Bloque II: a xestión económico-financeira e o control nos servizos sanitarios
- . Bloque III: dirección e organización de centros sanitarios
- . Bloque IV: a xestión das operacións e a calidade nos servizos sanitarios
- . Proxecto: diagnóstico e deseño dun plan integral dun centro ou servizo sanitario

## 2.4. TELEFORMACIÓN

A formación e a actualización de coñecementos dos profesionais sanitarios configúrase como imprescindible para conseguir os obxectivos permanentes de eficiencia, equidade e modernización dos sistemas sanitarios. Hoxe en día esta necesidade faise máis imperiosa dada a rápida evolución dos procedementos, a constante innovación, mellora das tecnoloxías e a evolución das demandas sociais.

Baixo este marco, a utilización de novas modalidades de ensino, a potenciación do acceso á información por medio das tecnoloxías, a xeración de contidos formativos, e en definitiva, o novo enfoque da formación cara á optimización das actividades ofrecidas aos traballadores e traballadoras do sistema público de saúde de Galicia, precisaron a implantación da nova E-aula virtual, encargada de xerar e xestionar esta formación e coñecemento.



A teleformación preséntase como unha alternativa didáctica e pedagóxica na que destacan, entre outras, as seguintes características:

- Grande flexibilidade de tempo por parte do profesional.
- Non desvincula as persoas do seu ámbito laboral ou familiar.
- Enriquece a aprendizaxe coa convivencia electrónica de compañeiros situados en espazos físicos diferentes.


- Permite o desenvolvemento dun pensamento creativo e construtivo.
- Presenta o material estruturado segundo as necesidades dos participantes.

Tendo isto en conta, a Escola quere desenvolver unha maior actividade en teleformación.

O 14 de xaneiro de 2008 publicouse no DOGA a resolución conxunta do 3 de xaneiro de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde e da Escola Galega de Administración Sanitaria, pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal do Servizo Galego de Saúde. Nesta resolución resólvese facer pública a convocatoria para participar nos cursos que conforman o Plan de formación continua do persoal de institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde para o ano 2008 e que se poderán descargar da páxina web de escola ([www.fegas.es](http://www.fegas.es))

Dentro deste plan a teleformación suporá no ano 2008 o 11% da actividade docente da Escola, o que supón un importante incremento con respecto ao ano 2007 en actividades planificadas, horas, solicitudes e alumnos admitidos como queda reflectido nas seguintes táboas.

	2007	2008
<b>Actividades executadas</b>	855	688
<b>% teleformación</b>	1,00	11,00
<b>Horas totais</b>	10.993	1.136
<b>% teleformación</b>	2,00	12,00



**> TELEFORMACIÓN**

	2007	2008	Incremento
<b>Número de actividades</b>	10	78	68
<b>Número de horas</b>	212	1.136	924
<b>Número de solicitudes</b>	1.767	13.429	11.662
<b>Número de admitidos</b>	900	3.997	3.097

Da análise máis detallada dos datos, podemos deducir que existe unha demanda crecente de actividades de teleformación xa que ao incremento substancial no número de solicitudes (660%) hai que engadir que a inscrición para as actividades de teleformación máis demandadas estivo pechada, como consecuencia do grande volume de solicitudes rexistradas (máis de 7.000), dende a primeira semana de febreiro de 2008 ata finais do mesmo ano.

É importante apuntar ademais, que a teleformación nos permite chegar a un maior número de profesionais cun menor volume de actividades. Para o ano 2008 executáronse 78 actividades que formaron máis de 3.900 profesionais. Con respecto á formación presencial e para este mesmo período, programáronse 602 actividades que formaron aproximadamente 14.875 (cada actividade presencial conta cunha media de 25 alumnos). Polo tanto, cun 11% de actividade de teleformación formáronse o 21% dos alumnos.

Por todo isto, a Escola confía no desenvolvemento desta modalidade formativa coa que pretende dar unha resposta máis acorde aos novos tempos e ás necesidades de formación dos traballadores e traballadoras do sistema sanitario público de saúde de Galicia.

Distribución de actividades de teleformación 2008:


	2008
<b>Asistencia sanitaria</b>	0
<b>Comunicación e atención ao usuario</b>	5
<b>Administración, xestión e dirección</b>	4
<b>Xestión do coñecemento</b>	1
<b>Prevención e promoción da SAU</b>	32
<b>Tecnoloxías</b>	36



## 2.5. EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE

Neste apartado preséntase a evolución da Escola en canto ás actividades e aos parámetros máis significativos, que resaltamos de modo específico para o ano 2008, en comparativa cos datos anteriores desde o ano 1998, momento de posta en marcha da Escola.


### 2.5.1. EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE DE FORMACIÓN



No ano 2008 as actividades totais foron de 688, un lixeiro incremento no número de actividades, ademais o número total de horas no ano anterior foi de 10.285, conservando a liña do ano anterior.


É salientable no gráfico de evolución en canto ao número de actividades, o incremento sostido ao longo do tempo e o repunte neste ano que nos ocupa. Comparando co gráfico de horas totais podemos extraer como primeira conclusión que se optou por unha política de maior número de actividades de menos horas de duración.

A continuación vexamos a evolución dos certificados:



No 2008 os certificados emitidos foron 14.920, un dato a considerar posto que sempre é positivo aumentar o número de alumnos con certificación.


## 2.5.2. EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE DE FORMACIÓN PLAN AFCAP



Comparando con 2008, no que tivemos 307 actividades AFCAP e 4.195 horas, deducimos que o presente plan se está afianzando e que aumentaron os seus números.

O número de actividades desenvólvese dentro dun entorno estable de crecemento nos últimos 5 anos. Sen embargo, o número de horas das actividades en cómputo global creceu en máis de 100 horas, polo tanto pódese inferir a tendencia a facer máis amplos os cursos en número de horas en detrimento de aumentar o número de actividades.


En 2008 mantívose a tendencia, tendo un total de 6457 certificados, que podemos comparar cos anteriores anos:



Ano	Certificados AFCAP
1998	2.654
1999	2.727
2000	3.834
2001	3.470
2002	4.196
2003	3.892
2004	4.866
2005	6.398
2006	6.680
2007	5.997
2008	6.457
<b>Total</b>	<b>45.174</b>



### 2.5.3. EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE DE FORMACIÓN PEF



No ano 2008 o número de actividades PEF foi de 341, polo que tras un ano no que a actividade descendeu, este ano temos un repunte, o que se traduciu tamén nun maior número de horas, concretamente 5.602 en comparación coas 5.514 do ano 2007.



O dato máis positivo do plan PEF é o considerable aumento de certificados, xa que no ano 2008 emitíronse 7.841 certificados, en comparación cos 6.427 do ano anterior.

Ano	Certificados PEF
1998	3.177
1999	4.109
2000	6.830
2001	6.251
2002	5.782
2003	8.493
2004	5.866
2005	4.672
2006	8.161
2007	6.427
2008	7.841
Total	72.252

## 2.6. POLÍTICA DE CALIDADE

A Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR) certifica que o Sistema de Xestión da Calidade adoptado pola FEGAS para a xestión da formación do persoal da Consellería de Sanidade e o SERGAS en materias de Saúde Pública e Administración Sanitaria é conforme coas esixencias da Norma Española UNE-EN ISO 9001:2000 Sistemas de Xestión da Calidade

A política de calidade vixente no ano 2008, de carácter público, fai referencia aos seguintes principios:

*Transcorridos máis de oito anos dende a creación e posta en funcionamento da Escola e unha vez dimensionada a súa actividade docente, a súa estrutura e os seus medios humanos e materiais, resulta ineludible definir e executar sen máis dilación unha política de calidade da Escola, sen que isto supoña admitir que toda a actividade docente e de publicacións realizada ata agora estea falta dela; antes ao contrario, o que se pretende a partir de agora é definir, estruturar e protocolizar unha política de calidade que mellore o xa conseguido ao respecto ata agora. Todo o persoal da Escola debe ser consciente de que para acadar o éxito e prestar un servizo axeitado ás necesidades dos participantes nas súas actividades debe esforzarse continuamente. Para isto, establécense os seguintes principios de funcionamento sobre os que vai xirar un Sistema de Xestión da Calidade:*

- ▶ *Ofrecer un produto formativo que responda ás esixencias da organización -Consellería de Sanidade e SERGAS- e ás necesidades de formación dos seus traballadores, coñecidas a través dos estudos realizados ao respecto.*
- ▶ *Prestar unha atención axeitada aos participantes nas actividades docentes da Escola, establecendo as medidas organizativas que correspondan e dispoñendo da loxística necesaria.*
- ▶ *Someter as publicacións, periódicas ou non, da Escola, aos estándares de calidade que rexen para a elaboración e difusión de publicacións científicas e divulgativas.*
- ▶ *Fomentar a capacitación do persoal da Escola e asegurar que execute o seu traballo segundo os procedementos e instrucións do sistema de xestión da calidade.*

### ▶ QUE QUEREMOS CONSEGUIR

- **A satisfacción das necesidades e expectativas dos usuarios:** non é só cuestión de boa vontade, senón de supervivencia. O noso obxectivo é ser, na mente dos nosos usuarios, a mellor alternativa, e para logralo non basta con facer ben as cousas; hai que facer as cousas que o usuario esixe e facelas como el espera, ou mellor.

- **A obtención dun persoal motivado e con sentido de pertenza á Escola.** Hoxe en día as técnicas, métodos e procedementos son cada vez máis accesibles e comúns. O único que diferenciará ás escolas de administración no futuro será



a calidade das súas persoas, os medios postos ao seu alcance e a súa capacidade para xestionalos. Queremos constituír un equipo capaz, cos medios máis avanzados e con sentido de pertencer a esta escola. Queremos trasladar esa imaxe ao exterior, aos nosos usuarios, provedores, institucións e á sociedade en xeral.

### > COMO O CONSEGUIREMOS

• **A mellora continua da calidade dos nosos produtos e servizos:** a mellora continua é un dos nosos obxectivos. Cada novo logro é o chanzo no que nos apoiaremos para mellorar máis. Porque iso é o que os nosos usuarios esperan e nós debemos tratar de conseguilo. O noso futuro está enfocado á mellora continua de todas as áreas da Escola:

- . Temos que mellorar a calidade dos nosos servizos e produtos e as súas actividades e procesos, cometendo menos erros e optimizando os nosos ciclos de actuación.
- . Temos que optimizar os nosos procesos claves, facelos máis eficaces e eficientes.
- . Debemos mellorar nos resultados, facéndoo ben á primeira.

• **A participación activa é compromiso de todos:** este proxecto non é soamente o dunha Dirección comprometida e inspirada capaz de acadar por si mesma estes obxectivos tan ambiciosos. A Escola necesita o compromiso, a achega e desempeño de responsabilidades por parte de todas as persoas, e para iso implantáronse as correspondentes vías de comunicación e canles de participación.



- **A incorporación permanente de tecnoloxías**, equipamento, coñecementos e métodos de traballo, a través da correspondente formación: o noso compromiso coa innovación forma tamén parte do noso carácter como escola. Se hai unha maneira mellor e máis eficiente de facer as cousas, investiremos os recursos necesarios en software, equipamento e formación para conseguilo.

- **O cumprimento dos obxectivos**: o noso sistema de obxectivos engloba a toda a escola e compromete a todos os seus integrantes, de tal maneira que os obxectivos duns se interrelacionan cos doutros e todos inciden nos obxectivos comúns da escola. Consecuentemente, o fallo en conseguir os obxectivos de calquera elemento da organización inflúe negativamente nos logros do resto e, finalmente, na consecución dos obxectivos da escola.

O Sistema de Calidade da FEGAS aplícase a todos os procesos que interveñen na “Formación e Perfeccionamento do Persoal da Consellería de Sanidade e do SERGAS en Materias de Saúde Pública e Administración Sanitaria”, e polo tanto, afecta a toda persoa involucrada na organización e que desempeñe calquera deses procesos.

03



## ACTIVIDADE DE APOIO E DIFUSIÓN

### ***Espazo aberto de intercambio e innovación***

A formación permanente e a reciclaxe profesional non só dependen de cursos e seminarios. Un labor formativo completo e competente necesita, ademais, pór en marcha outras actividades non menos importantes que constitúan un espazo aberto de intercambio de información e transferencia de coñecementos profesionais.

Dende a FEGAS entendemos por transferencia de coñecemento a transmisión eficiente de ideas, resultados de investigación e distintas capacidades prácticas, entre os distintos actores implicados no proceso -profesionais sanitarios, organismos de investigación, universidades e a propia sociedade-, que permita o desenvolvemento de novos produtos e servizos que repercuten na mellora da calidade de vida e nos resultados en saúde da poboación. As actividades de difusión e transferencia, respectivamente, alimentan e favorecen estes procesos de saúde da cidadanía.

Dada a complexidade do Sistema Sanitario Público de Galicia, tanto polo número de profesionais que nel traballan como polos distintos centros e institucións que o compoñen, resulta ás veces difícil intercambiar opinións e resultados sobre todo o que se está facendo a diario. Dende a FEGAS estamos en disposición de posibilitar un espazo que permita transferir ese coñecemento xerado así como recoñecer publicamente as achegas cara á mellora continua do sistema e do servizo prestado á cidadanía dos e das profesionais da nosa sanidade.

E todo iso sustentado nas distintas competencias outorgadas á Escola e recoñecidas nos seus fins, como son:

- . O apoio á avaliación de novas tecnoloxías.
- . A realización de estudos sanitarios e a elaboración de documentación especializada.
- . A creación e difusión de publicacións e a xestión dun fondo bibliográfico.
- . O asesoramento e colaboración con entidades públicas e privadas sobre calquera materia relacionada coa saúde
- . A creación de bolsas e premios que axuden á difusión do coñecemento.
- . A organización de congresos e reunións de carácter científico e de especialistas no sector sanitario.

Durante este ano 2008, a Escola marcouse como obxectivo fundamental a planificación e deseño dese espazo de desenvolvemento e innovación establecendo tres liñas básicas de actuación, a desenvolver ao longo dos vindeiros anos, así

como o inicio dalgunhas actuacións concretas que permitan a súa difusión entre os potenciais usuarios dela. Esas liñas básicas de actuación son as seguintes:

#### > ACTIVIDADES DE APOIO E INNOVACIÓN

. **Programa de estímulo á formación e investigación:** co que se establecen os premios e bolsas FEGAS que recoñecen a realización de actividades innovadoras no ámbito da formación continua, premian a publicación en revistas científicas de resultados de traballos de investigación feitos en Galicia no campo da saúde e apoian aquelas actividades de participación en congresos, xornadas e reunións de carácter científico, nacionais e internacionais, nos que se presenten resultados de estudos.

. **Programa de estímulo á produción científica:** co que se establece a edición dos Documentos de Traballo FEGAS para ofrecer un espazo público de colaboración e diálogo, ademais dunha oportunidade para a difusión rápida dos últimos avances en diferentes áreas da sanidade.

#### > ACTIVIDADES DE INTERCAMBIO E COLABORACIÓN

. **Foros de debate por un mundo máis saudable:** teñen como obxecto reunir personalidades de distintos ámbitos para crear un espazo de debate e reflexión sobre aspectos de interese no ámbito sanitario.

. **Seminarios** “Experiencias en xestión sanitaria”,

. **Programa de participación e colaboración:** promovendo e coordinando proxectos de colaboración -formativos e de difusión do coñecemento- con institucións públicas e privadas no ámbito nacional e internacional fundamentalmente nos campos da saúde pública e a administración sanitaria.

#### > ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN

